



Parece que aínda foi onte.

Con este dito tan popular adoitamos expresar o sentimento de que o tempo foxe máis á prása do que quixeramos. Claro que tamén é certo que cando nos vemos envoltos en contratempos, semella fundir máis do que desexariamos.

Parece que aínda foi onte cando saíu o nº 16 de CROA e xa está aquí o nº 17, que nos trae os froitos dos traballos, esforzos e coñecementos de cantas e cantos colaboran nel e na súa confección. Entre un e outro número alá vai un ano máis coas súas ledicias e as súas mágoas.

Dezasete números son un sinal fidedigno de madurez para unha publicación coma CROA.

Naceu no ano 1991 con só oito páxinas. Medrou axiña cunha curta infancia e pasou, sen crise, á prometedora adolescencia. No número 9 sufriu, ou gozou, o primeiro cambio de formato, como é moi propio da xuventude. E agora, outro cambio de aspecto neste número 17 ben podería marcar a entrada na maioría de idade.

Estas elucubracións non deixan de ser xogos de imaxinación; porque un repaso ás colaboracións, artigos e temas tratados ao longo destes anos pasados confirman que CROA goza de madurez e de maioría de idade desde os seus inicios.

Quen escribe estas liñas non ten a capacidade nin a vontade de converterse en crítico nin en xuíz dos traballos que integran este número 17, porque os seus autores e autoras son autoridades competentes nas materias que tratan.

Temos, iso si, a vontade de agradecerlles a todos e a cada un o seu esforzo e a súa colaboración e cremos ter a autoridade competente para expresar esa gratitude en nome de cantos somos beneficiarios dos seus saberes compartidos.

Producíronse algúns cambios no aspecto deste número por razóns prácticas, pero mantense a mesma liña de criterios e de contidos: arqueolóxicos, museísticos, etnográficos, patrimoniais.... e o seu

carácter de órgano de comunicación e intercambio entre socios e entidades culturais afíns.

O citado número 9 daba noticia do nomeamento de don Emilio Sinde Nieto como Socio e Presidente de honra da Asociación, acordado en Asemblea extraordinaria do día 6 de marzo do ano 1999. Diciase alí: "Con esta distinción, quérese destacar a súa importante e continua colaboración non só con esta Asociación e por suposto a favor do propio Castro e Museo de Viladonga, senón tamén o seu apoio e promoción constante para con todos os aspectos da cultura, a historia e o patrimonio do Concello de Castro de Rei e da súa comarca."

No número 16 inseríase unha breve pero ben sentida nota de Felipe Arias lamentando o seu pasamento que viña de producirse cando o devandito Boletín estaba xa no prelo. Remataba a nota con estas palabras: "Non cum corpore extinguntur magna animae".

É certo que non se extinguiu a grande ánima de Emilio, porque a semente de valoración do noso, que el sementou a mans cheas, segue medrando e dando froito; pero, ¡canto se sente a súa falla!, a pesares de que parece que aínda foi onte cando nos deixou.

Tamén el co paso dos anos foi cambiando no seu aspecto externo, debido a doenzas que sufría con enteireza e disimulo; pero nos criterios mantívose fiel. Emilio era unha enciclopedia que por calquera páxina que se abrise revertía auténtico humanismo.

Non estaba en posesión de grandes títulos nin de doutorados académicos; pero era douto e doutor honoris causa no libro da vida e alimentaba o seu espírito de entrega e servizo na Fonte da Vida.

Del dixo un dos seus grandes amigos, o profesor Ricardo Polín: "Cabaleiro, no vello sentido da palabra, de talante aberto e proclive ao entendemento. Moito temos que aprender del e moito vai botar de menos a Terra Chá esta mao discreta que movía os fíos de tantas empresas".